



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

NOTIFICACIÓN-PUBLICACION

Mediante este documento notifícase, que en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL en sesión Ordinaria celebrada o luns 26 de decembro de 2022 adoptou, entre outros, o acordo que se transcribe, Todo elo coas limitacións do establecido no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CONCESIÓN DE AXUDAS AO COMERCIO E HOSTELERÍA LOCAL CAMPAÑA " ARZÚA A TÚA TENDA " AUTORIZACIÓN DO PAGO ANTICIPADO Á AECA DO IMPORTE DAS AXUDAS ADECUADAMENTE XUSTIFICADAS". EXPTE TEDEC: 2020/A002/000011

Vistas as bases reguladoras das axudas a conceder ao comercio e hostelería local mediante a campaña "Arzúa a túa tenda " para reactivación e fomento da economía local mediante a emisión de bonos para o consumo do Concello de Arzúa, aprobadas mediante acordo de XGL de data 21.12.2020, que finalmente foron publicadas no BOP da Provincia da Coruña en data 30.12.2020.

Visto o acordo de modificación das ditas bases, tanto de ampliación do seu importe, como duración, acordado en data 26.01.2022, por acordo de Xunta de Goberno Local. Posterior acordo da XGL DE DATA 30/03/2022, no que se acorda a ampliación do prazo ata o 30 de Abril de 2022.

Visto o nomeamento mediante decreto 166/2022 de data 17/02/2022 como instructor do procedemento a Manuel Gerbolés Fernández.

Visto o informe emitido en data 21/11/2022 por este traballador, tras efectuar diferentes requerimentos a entidade colaboradora e comprobacións, no que se indica;

“

INFORMO:

*1.- Que a entidade colaboradora en dita campaña AECA (Asociación de Empresarios da Comarca de Arzúa) presentou no Rexistro Xeral do Concello de Arzúa, a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos esixidos para os establecementos interesados en adherirse para a súa verificación en data 26 de abril de 2022 n.º rexistro 628 e 10 de maio de 2022 n.º rexistro 718 (solicitudes presentadas para adhesión en datas 09,10,11,14,15,16,17,18,21 e 24 de febreiro de 2022 e n.º rexistro 191,194,204,210,231,233,241,255,265 e 304) . Dita verificación fíxose por este instructor, resultando que **os seguintes establecementos cumpren a totalidade dos requisitos, así como non teñen existencia de débedas co Concello de Arzúa**, realizando a tal efecto informes favorables e notificando telemáticamente a entidade colaboradora.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

2.- Que conforme ao punto 11 das bases reguladores, **os adquirentes dos bonos cumpren os requisitos, e non foron canxeados máis de dous bonos por unidade familiar convivente**. Durante o período de adquisición dos bonos, AECA entregoume sendos listados de solicitantes cos datos de "nome e apelidos", "DNI" e "teléfono de contacto" sendo verificados no PMH o tema dos empadroamentos, unidade familiar ou menores de idade.

3.- Vista a documentación xustificativa da axuda presentada pola entidade colaboradora, **infórmase favorablemente a mesma, correspondendo efectuar ingreso por tanto a cada establecemento**. Sendo o listado definitivo de establecementos adheridos ao programa e os importes aboar os que reflecte a seguinte táboa:

NOME COMERCIAL DO ESTABLECIMENTO	BONOS CANXEADOS	IMPORTE
COCIÑAS PEDREIRA-SANDRA PEREIRA GARCÍA	3	60
DEPORTES LÓPEZ-MARÍA LÓPEZ LÓPEZ	21	420
CAROLA MODA-VERÓNICA GARCÍA GONZÁLEZ	35	700
ESTRENAS ZAPATERÍA-VANESA PEREIRO COUSO	44	880
COMERCIAL ALFONSO SOUTO SL	9	180
CALZADOS IGLESIAS-YOLANDA IGLESIAS SLNE	30	600
MI TATA-NARA SALGADO CEA	16	320
MIS ZAPATOS-ANA MARÍA RODRÍGUEZ RAMOS	42	840
MD LENCERÍA E FOGAR-MARÍA MUIÑA PÉREZ	36	720
NOVAVISIÓN ÓPTICA ARCA SL	11	220
MODA SARI-M ^a SAGRARIO PARRADO VIDAL	36	720
ALONSO Y CAMINO SL	9	180
PERFUMERÍA CHORIMA-CARMEN GONZÁLEZ SEOANE	7	140
ESTANCO COSTOYA-JULIO COSTOYA VALIÑO	20	400
ARZUGRÁFICA-ANA GARCÍA PARDO	6	120
ARROUPADIÑOS-M ^a JOSÉ TABOADA CAMINO	7	140
CORZO GUARNICIONERÍA SL	27	540
VADI MODA-MONTSERRAT VÁZQUEZ DIEGUEZ	2	40
CARNICERÍA MOSQUERA-ANA MOSQUERA BLANCO	34	680

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

INDUSTRIAL ARZUANA DEL MUEBLE SL	9	180
ALBERGUE ULTREIA-RAQUEL CARREGAL SALGUEIRO	37	370
CASA CHELO-Mª JOSÉ SANMARTÍN RODRÍGUEZ	26	260
PENSIÓN RESTAURANTE TEODORA SL	51	510
O FURANCHO DE SANTISO-JORGE SANTISO PÉREZ	48	480
PULPERÍA PARRILLADA EUROPA-JESÚS VÁZQUEZ MUIÑOS	100	1.000

4.-Pese a ter presentada a subasación con data do 23 de setembro de 2022 e número rexistro 1634, e unha vez revisada observáanse as seguintes deficiencias que terían que subsanar (salvo erro involuntario deste instructor) nos seguintes establecementos beneficiarios :

NOME COMERCIAL DO ESTABLECEMENTO	Observacións
BOUTIQUE ANDURIÑA-EMMA ROCA VÁZQUEZ	Facturas 2, 3 e 4 mal aplicado o IVE, e a factura simplificada T-8 de data 19/03/2022 o importe non cumpre segundo as bases.
LAGE MODA-FRANCISCO JAVIER LAGE VÁZQUEZ	Facturas 109, 116, 129, 130 e 138 non están postos os importes da compra e non se ve claramente o desconto do bono.
PESCADERÍA MANOLO-MERCEDES VÁZQUEZ GARCÍA	Revisar de todas as facturas o importe de <u>unidade x precio unidade</u> . Proceder a rectificar segundo as observacións orientativas. As facturas n.º 27,32,33,34,37,38 e 39 o importe non cumpren segundo as bases.
CAFÉ BAR PRAZA-Mª PILAR BRAVO FERNÁNDEZ	Revisar todas as facturas segundo as observacións orientativas.
RAXERÍA-PULPERIA RAMÍREZ LUÍS-RAFAEL GARCÍA	As facturas n.º 168 e 1174 non cumpren segundo as bases, e a n.º 164 o importe final está mal calculado.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

LIBRERÍA CARTAFOL-Mª DEL CAMINO MARTÍN VILDA	<i>Entregaróñse os bonos e o ticket á AECA para que subsanara. e data de hoxe non entregou ningunha documentación nin os bonos para subsanar. Na actualidade non é autónoma nin rexenta dito local comercial.</i>
----------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Solicitado verbalmente informe de fiscalización previa a Interventora Municipal, e emitido o mesmo en data 24/11/2022, deixando constancia da existencia de crédito en fase de autorización suficiente para atender ao dito gasto, visto o informe transcrito e tendo en conta o contido das bases reguladoras da axuda e bases de execución do orzamento, sin perxuízo de actuacións posteriores en materia de control financeiro,

Acordado por Xunta de Goberno Local de data 07/12/2022 a aprobación das axudas adecuadamente xustificadas.

Procedendo a efectuar requerimento de subsanación das inadecuadamente xustificadas, segundo o informe do instrutor.

Presentada documentación de subsanación posteriormente pola entidade colaboradora no prazo determinado no acordo adoptado, en dúas datas , e emitido informe da instrución de revisión da mesma, o primeira en data 14/12/2022 e o segundo en data 21/12/2022, en base ao indicado nos ditos informes

Verificada a existencia de crédito autorizado para atender o importe que agora se pretende conceder, toda vez consta informe do saldo dispoñible en fase de autorización.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, **ACORDOU:**

PRIMEIRO-.: Aprobar a xustificación presentada pola entidade colaboradora, en referencia aos seguintes comercios /establecementos hosteleiros, por cumprir finalmente os requisitos esixidos polas bases reguladoras segundo o informe da instrución :

NOME COMERCIAL DO ESTABLECEMENTO	BONOS CANXEADOS	IMPORTE
BOUTIQUE ANDURIÑA-EMMA ROCA VÁZQUEZ	7	140

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

LAGE MODA-FRANCISCO JAVIER LAGE VÁZQUEZ	50	1.000
CAFÉ BAR PRAZA-MARÍA DEL PILAR BRAVO FERNÁNDEZ	38	380
RAXERÍA PULPERÍA LUÍS-RAFAEL GARCÍA RAMÍREZ	17	170
PESCADERÍA MANOLO-MERCEDES VÁZQUEZ GARCÍA	14	280

SEGUNDO: Autorizar en concepto de pago anticipado a AECA 1.970 € , segundo o determinado na base reguladora n.º 12, poderá solicitar o pago anticipado dos importes que son adecuadamente xustificadas, de non solicitar o dito anticipo, procederá requiring que se xustifique que se ten efectuado aos comercios /establecementos hosteleros as transferencias bancarias cos importes indicados no punto primeiro deste acordo.

TERCEIRO:- Desestimar a solicitude de concesión de axudas mediante bonos desconto as entidades que a continuación se detallan polos motivos indicados.

NOME COMERCIAL DO ESTABLECEMENTO	Observacións
LIBRERÍA CARTAFOL-Mª DEL CAMINO MARTÍN VILDA	<u>Entregarónse os bonos e o ticket á AECA para que subsanara, e data de hoxe non entregou ningunha documentación nin os bonos para subsanar.</u>

CUARTO: Publicar o acordo adoptado no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web nos termos que marca a disposición adicional sétima dá Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro , de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como notificar a entidade colaboradora o acordado aos efectos de que poida interpoñer os recursos que considere.

RECURSOS-.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer potestativamente e perante o mesmo órgano que o ditou, de conformidade co preceptuado no artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, **recurso de reposición** no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro).

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra o presente acordo pode interpoñer **recurso contencioso-administrativo**, perante o órgano competente da xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade co disposto nos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución ou ó da notificación do presente acordo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos. A interposición do recurso non paraliza a executividade da presente resolución.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura ao marxe

A secretaria,
Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez